



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

| | |
|---------------------------------|--|
| CÓDIGO | |
| MATERIA | Prácticas de Escenificación |
| DISCIPLINA | Obradoiro de escenificación II |
| TITULACIÓN | Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Arte dramática |
| ESPECIALIDADE | Dirección escénica e dramaturxia |
| ITINERARIO | Dirección escénica |
| CURSO | 4º |
| CRÉDITOS ECTS | 10 |
| CARÁCTER | Obrigatorio |
| DEPARTAMENTO | Dirección de escena dramaturxia |
| CENTRO | ESAD de Galicia |
| COORDINADOR/A | Daniel González Salgado |
| DOCENTES | <p>Nome e apelidos: Roi Vidal Ponte/Daniel González Salgado/Irene Moreira Fontán</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: Dirección de escena e dramaturxia</p> <p>Contacto: correos electrónicos</p> |
| DESCRIPCIÓN | <p>Práctica do proceso completo de creación espectacular, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante a carreira.</p> <p>Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.</p> |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | Obradoiro I |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/> |

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

| | |
|------------|---|
| T9 | Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos. |
| T12 | Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada. |
| T16 | Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental. |
| T17 | Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos. |



COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

| | |
|-----------|---|
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue. |
| X5 | Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social. |
| X6 | Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión. |

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

| | |
|------------|--|
| ED1 | Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética. |
| ED2 | Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación. |
| ED3 | Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente. |
| ED5 | Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética. |

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | COMPETENCIAS VINCULADAS |
|---|---------------------------------------|
| 1. Levar á práctica un proxecto de escenificación previamente aprobado polo equipo docente competentes. | T9, T16, T17, X3,X5,X6, ED1, ED2, ED5 |
| 2. Compor a dramaturxia en acción do espectáculo. | T9, T17, X5, X6, ED2, ED5 |
| 3. Concretar os elementos de significación a partir das hipóteses do proxecto. | T9, T16, X3, X5, ED2, ED5 |
| 4. Cumprir o plan de produción establecido. | T9, T12, X6, ED3 |
| 5. Guiar, coordinar e xestionar o equipo de traballo desde o inicio dos ensaios até a presentación pública. | T9, T10, X5, ED3 |
| 6. Tomar, en relación ao proxecto de escenificación, as decisións pertinentes en cada unha das fases de traballo. | T17, X3, X5, ED3 |
| 7. Coidar a excelencia da factura do resultado final en todos os seus detalles. | T17, X3, ED2 |
| 8. Facilitar e harmonizar os traballos individuais en favor dos obxectivos comúns. | T9, T10, X5, ED3 |



| 4. CONTIDOS | | |
|-----------------------------|--|------------|
| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. Presentación do proxecto | 1.1 Presentación das liñas xerais do espectáculo. 1.2 A idea central e os vínculos individuais. | 12 |
| 2. Plan de traballo. | 2.1 Cronograma de traballo: periodización. 2.2 Fases e procedementos. 2.3 Xestión do equipo técnico artístico: reunións. | 4 |
| 3. Posta en escena | 3.1 Fases de ensaios: Inicial, media, final. 3.2 Dirección de actores. 3.3 Orquestración dos elementos escénicos. 3.4 Dramaturxia da recepción. | 128 |
| 4. Mostra final. | 4.1. Observación, reflexión e análise. | 6 |
| TOTAL SESIÓNS | | 150 |

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE | | | |
|--|--------------------|------------------------|------------|
| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
| Actividades introductorias | 4 | | 4 |
| Exposición maxistral | | | |
| Exposición práctico-teórica | 20 | 10 | 30 |
| Práctica individual | | | |
| Práctica colectiva | 132 | 86 | 218 |
| Obradoiro | | | |
| Seminarios | | | |
| Actividades complementarias | 4 | | 4 |
| Outros | | | |
| Titorías individuais | 32 | 8 | 40 |
| Titorías de grupo | 10 | 8 | 18 |
| Actividades de avaliación. Probas | | | |
| Actividades de avaliación. Presentacións / mostras | 30 | 30 | 60 |
| Actividades de avaliación. Revisión | 4 | | 4 |
| TOTAL | 216 | 144 | 360 |
| PORCENTAXE | 60 % | 40 % | |



6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSIANZA E APRENDIZAXE

| Actividades | Descrición |
|--|--|
| Elaborar un caderno de dirección | Definir o proxecto de escenificación. Elaborar un diario do proceso de ensaios: obxectivos iniciais, planificación, análise permanente dos resultados, problemas e solucións. Realizar unha avaliación final do traballo realizado. |
| Dirixir un elenco actoral | Establecer unha comunicación útil e respectuosa co elenco durante o proceso de ensaios. |
| Xestionar o traballo do equipo artístico | Coordinar as diferentes persoas integrantes do proxecto e os tempos de integración do traballo de cada unha no proceso creativo. Rexistrar esa coordinación |
| Materializar un espectáculo | Xestionar os recursos técnicos e humanos dispoñibles para articular e presentar un discurso escénico persoal. |

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

| | |
|-------------|---|
| Seguimento | Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo. |
| Orientación | Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico. |

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumnado deberá establecer unha comunicación previa co equipo docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|---|-------------|
| Caderno de dirección | X3, X6, ED5 | 20 % |
| Condución dos ensaios e coordinación do equipo artístico | T9, T10,T12,T16, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5 | 40 % |
| Representación escénica | T12, T17, X3, X5, X6, ED1,ED2, ED5 | 40 % |

8.2. Avaliación extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|---|-------------|
| Caderno de dirección | X3, X6, ED5 | 20 % |
| Condución dos ensaios e coordinación do equipo artístico | T9, T10,T12,T16, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5 | 40 % |
| Representación escénica | T12, T17, X3, X5, X6, ED1,ED2, ED5 | 40 % |



8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|---|-------------|
| Caderno de dirección | X3, X6, ED5 | 20 % |
| Condución dos ensaios e coordinación do equipo artístico | T9, T10, T12, T16, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3, ED5 | 40 % |
| Representación escénica | T12, T17, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED5 | 40 % |

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

As relativas, directamente, ao propio proxecto de escenificación.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

As relativas, directamente, ao propio proxecto de escenificación.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

O alumnado matriculado nesta materia será informado en clase ao inicio do curso das premisas técnicas e artísticas que deberán seguir os traballos escénicos da materia.

En función dos criterios que acorde a Comisión de Coordinación Pedagóxica, algúns membros do alumnado desta materia poderán cursala coordinando o seu traballo co de outros alumnos do resto de especialidades da escola. **Se o alumnado seleccionado non entrega os traballos solicitados nos prazos acordados ou ben estes non son satisfactorios, os docentes poderán excluír ao alumnado da integración interdisciplinar.**

O alumnado que perda a avaliación continua ou renuncie a ela deberá poñerse en contacto por correo electrónico coa/s docente/s da materia para coñecer as premisas técnicas e artísticas do proxecto que deberá presentar a exame. De incumpriren este requisito, non poderán ser avaliados.

Para máis información respecto ao calendario do curso, datas de exames ou horarios de clase: <https://esadgalicia.com/curso-escolar/>